

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA XURÍDICO SOCIAL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 25 de marzo de 2025 coa Asociación "Aliad-Ultreia" de Lugo o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"colaborar no desenvolvemento, por parte da Asociación "Aliad-Ultreia" de Lugo, de programas de incorporación social de persoas con trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa de xestión dos programas obxecto deste convenio."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"dada a especificidade técnica que requiren os programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de incorporación social do Plan de Galicia sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover a concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Ley 9/2007, do 13 de xuño.

Que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.